

SAN BARTOLOMEU DE NOIA

Música e deporte, protagonistas no San Bartolomeu

ANXO BENTRÓN [NOIA]

O Concello de Noia celebra dende hoxe as festas máis grandes do verán na vila, as adicadas ao seu patrón, San Bartolomeu. Serán catro días de festa, nos que destacan un programa repleto cheo de propostas musicais, deportivas, gastronómicas e de entretemento para os máis pequenos que encherán as rúas da localidade ata o luns.

O deporte terá un gran protagonismo nas xornadas festivas coa celebración de diversas exhibicións e torneos. Hoxe, dende as 12.30 horas na Alameda, terá lugar unha exhibición de Taekwondo a cargo do Ximnasio Maniolas, e dende as 18.00 horas celebrárase o Día da Bicicleta para país e fillos coa colaboración para país e fillos. Mañán os protagonistas serán o tenis e o fútbol coa celebra-

ción do Torneo Tenis Infantil, ás 10.00, e do Trofeo San Bartolomé, ás 18.00 horas, entre o C.F Noia e a S.D. Negreira, tanto en categoría feminina como masculina. Ademais, ás 13.00 horas haberá unha exhibición do Club ITF Noia na Alameda. Durante a xornada do domingo disputarase dende as 10.00 horas o XXIV Concurso anual de Pesca Infantil "Naútica Andrade" e ás 20.00 horas disputarase o Memorial Ricardo Güeto entre o Cruído Noia B e o Porto do Son. O luns, o Estadio de San Lázaro-Julio Mato "Matito" volverá centrar a atención deportiva coa disputa dun triangular xuvenil entre o C.F.



Noia, C.D. Boiro e Cidade de Ribeira.

Á marxe das actividades deportivas, a outra gran protagonista das festas será a música con numerosas actuacións para todos os gustos. Hoxe será o turno de The Cods, a orquestra Foliada e os concertos de Black Desire e Los Secretos. Na xornada de mañán os encargados de poñer a

música e facer disfrutar ao público serán a orquestra Cuarta Calle, Broken Peach, Dani Fontañá, Natalia e a Disco Móvil Chocolate. O domingo, a orquestra Olympus, Anxo Lorenzo e Luar na Lubre serán os encargados de subir ao escenario, nunha xornada marcada tamén polo lanzamento dos fogos artificiais. AS festas pecharanse o luns coa verbena a cargo da París de Noia.



SAN BARTOLOMEU DE NOIA

Catro días de moita festa polo San Bartolomeu

ANXO BENTRÓN [NOIA]

Comezan hoxe en Noia a súa semana grande do verán. As festas na honra a San Bartolomeu proponen, entre hoxe e o luns, catro xornadas festivas nas que non faltará a música, actividades infantís, o deporte e, como non, os oficios relixiosos.

As actividades comezan hoxe, ás 10.00 horas, coa tirada de bombas de palenque á que seguirán dianas e alboradas a cargo do grupo Os Salgueiriños, que darán a benvida ás festas. A partir das 20.00 horas procederase á lectura do pregón a cargo do grupo Os Salgueiriños como homenaxe á defensa da música e o baile tradicionais, seguido da actuación de The Cods. A Alameda será o escenario escollido para a verbena que comezará ás 22.00 horas e que estará a cargo de Foliada. Asimesmo, no IES Campo de San Alberto comezará tamén ás 22.00 horas o concerto de Black Desire e Los Secretos.

A xornada do sábado comezará á mesma hora coa tirada de bombas de palenque e as alboradas a cargo de Pon un Sancosmeiro. Ás 19.30 horas oficiárase a misa solemne na honra de San Bartolomeu na Igrexa de San Martiño, seguida da procesión. Ás 21.00 horas producíranse as actuación da Asociación Cultural Argalleiros e a orquesta Cuarta Calle, e as que seguirán os concertos de Broken Peach, Dani Fontañá, Natalia e Disco Móvil Chocolate.

O domingo, a festa arrincará tamén ás 10.00 horas co lanzamento de bombas de palenque e as alboradas a cargo de Os Salgueiriños. Durante a xornada celebrarase a festa da empanada e, ademais, terán lugar os concertos de Anxo Lorenzo e Luar Na Lubre, dende as 21.00 horas na Praza do Topal, e da verbena coa orquesta Olympus, a partir das 22.00 horas na Alameda. Asimesmo, ás 00.00 horas terá lugar o espectáculo



Los Secretos serán un dos grandes atractivos musicais dos festexos. // Los Secretos

de fogos artificiais dende o Peirao do Marqués.

A xornada do luns, último día dos festexos, arrincará de novo ás 10.00 horas. Dende as a Banda Municipal de Noia, acompañada de cabezudos, ofrecerá un pasacalles, e, máis tarde, tamén un concerto na Alameda. Ás 19.30

A MÚSICA SERÁ A GRAN PROTAGONISTA CON ACTUACIÓNS COMO LOS SECRETOS OU LUAR NA LUBRE

horas oficiárase a misa solemne na honra a San Roque, seguida da procesión que irá acompañada pola Banda Municipal de Música de Noia. As festas deste ano cerraranse a partir das 22.00 horas coa verbena a cargo da París de Noia e coa Noite de Berros na Praza do Tapal.



Autos Patiño Noia, s.l.
www.autospatino.es



Pol. Industrial Augalevada. Parc 10
Noia (A Coruña)
T. 981 824 865 • M. 629 212 851
gerencia@autospatino.volkswagen.es



NOIA N.R.S.I. 20.29981/C
novapannoi.s.l. weebly.com | novapannoi.s.l. @gmail.com

Paraderías:
A BARQUINA • T. 981 823 945
Cabo de Cruz • C/ Paradería 240 • T. 981 84 57 05

Depacho:
C/ Escultor Ferreiro Carreirinha, 34 Baixo
T. 981 822 533



DELEGACIONES
NOIA
c/ Cuba, 5 - T. 981 820 676
Santiago
c/ República Checa, 27
T. 981 574 418

Próxima Apertura - 31 de agosto

CLICKFER
ALQUINOIA

C/ Bouciñas 12-14 • Portobravo - LOUSAME
Teléfono: 604 076 221

ROTULOS AGEITOS
NOIA

rotulosageitos@gmail.com
981 821 565

Departamento Comercial
636 969 781

ROTULACIÓN - LUMINOSOS - IMPRESIÓN
VEHICULOS - NAVES INDUSTRIALES - LONAS

VENECIA

ESPECIALIDAD | MENÚ DEL DÍA
Bacalao a la portuguesa | Tapas de pulpo y otras

C/ Romero Blanco • Tfno. 981 82 32 12 • 15200 Noia



I.G.S.A.
ASESORES DE EMPRESAS
LABORAL - FISCAL - CONTABLE

**AUDITORÍAS
ECONÓMICO | FINANCIERO
SUBVENCIONES Y AYUDAS OFICIALES**

EN NOIA. C. Perito Basilio, 2-1º C • T. 981 842 130 - F. 981 824 676
EN RIBEIRA. Campo de Marte, nº 3 - 1º T. 981 835 621 - F. 981 874 262

Desde 1993.
**más de 30 años al servicio
de nuestros clientes**

Horario de oficinas: lunes a viernes de 9.00 a 15.00 horas

www.igsaasesores.com